ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59



# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 20 de marzo de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de marzo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(195).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 12 de marzo e ordinaria do 13 de marzo de 2026 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(196).- DESIGNACIÓN DE DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 10161/113**.
Visto o informe xurídico de data 13/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 1 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).
- Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPD).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

## ANTECEDENTES

**1)** O 4 de maio de 2016 publícase o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD), aplicable dende o 25 de maio de 2018.

**2)** Así mesmo, o 6 de decembro de 2018 publícase a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

**3)** No artigo 4.7 do RXPD defínese Responsable do tratamento como:
"«responsable do tratamento» ou «responsable»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determine os fins e medios do tratamento; se o Dereito da Unión ou dos Estados membros determina os fins e medios do tratamento, o responsable do tratamento ou os criterios específicos para o seu nomeamento poderá establecelos o Dereito da Unión ou dos Estados membros; "

**4)** O artigo 37.1.a) do RXPD establece a obrigatoriedade de nomear a figura do Delegado de Protección de Datos, en diante DPD, entre outros no seguinte caso:
"O responsable e o encargado do tratamento designarán un delegado de protección de datos sempre que:

- O tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, excepto os tribunais que actúen en exercicio da súa función xudicial."

Así mesmo, o artigo 34 da LOPDGDD establece que "os responsables e encargados do tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos previstos no artigo 37.1 do Regulamento (UE) 2016/679."

**5)** No artigo 37.5 do RXPD establécese que:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

"O delegado de protección de datos será designado atendendo ás súas cualidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados do Dereito e a práctica en materia de protección de datos e á súa capacidade para desempeñar as funcións indicadas no artigo 39 "
Así mesmo dispone no artigo 35 da LPDGDD.

**6)** A Axencia de Protección de Datos na súa guía do RXPD para responsables de tratamento especifica que:

- "A designación do DPD e os seus datos de contacto deben facerse públicos polos responsables e encargados e deberán ser comunicados ás autoridades de supervisión competentes.
  (...)
- Permítese que o DPD manteña cos responsables ou encargados unha relación laboral ou mediante un contrato de servizos. É dicir, permite que poida contratarse o servizo de DPD con persoas físicas ou xurídicas alleas á organización."

**7)** En virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 20/06/2023, corresponde á Xunta de Goberno Local:

- A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería de Área de Goberno.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Para o cumprimento dos requisitos esixidos no marco normativo en materia de protección de datos conformado polo Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPD), así como pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) inicialmente establecido polo artigo 42 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, e recollido nas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, e regulado polo Real Decreto 3/2010 de 8 de xaneiro, modificado por posterior Real Decreto 951/2015 de 23 de outubro, así como polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, e tendo en conta que é de obrigado cumprimento designar un DPD atendendo ao criterio de capacidade, formación e especialización que se infire do artigo 37.5 do RXPD, tramitouse un contrato de servizos, expediente 10161-113 ("Contrato de servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos").

Con data 15/03/2024, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato á empresa **TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.** con CIF **A78053147** para a adaptación ao marco normativo relativo ao RXPD e para o desempeño das funcións propias da figura do DPD ata o día de finalización do contrato. A dita empresa, en escrito presentado polo Rexistro Electrónico con data 06/03/2024 (doc. Núm. 240080242), achega documentación designando a **D. David**

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**Barrientos Arboleya**, DPD certificado baixo o Esquema AEPD-DPD, como a persoa que desenvolverá o rol de DPD para o Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local acorda o dito nomeamento na súa sesión de data 01/04/2024, que se comunica á AEPD o 03/04/2024.

Con data 19/02/2026 a adxudicataria presenta por Rexistro Electrónico (doc. Núm. 260038951) a proposta de designación de Dª. Paula Sánchez Agra, certificada baixo o esquema AEPD-DPD, como persoa que desenvolverá o rol de DPD para o Concello de Vigo.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte:

**ACORDO**

**ÚNICO.-** Nomear a **Dª. Paula Sánchez Agra**, en virtude do contrato de servizo, expediente 10161-113 como Delegada de Protección de Datos do Concello de Vigo, ata o día de finalización do dito contrato.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(197).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS INFORMÁTICAS NON INVENTARIABLES. EXPTE. 10889/113.**
Visto o informe xurídico do 13/03/2026 e o informe de fiscalización do 16/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 26/12/2025 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación da subministración continuada, segundo necesidades, de licenzas informáticas non inventariables destinadas ao Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/12/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 28/12/2025.

- Memoria económica do contrato de data 20/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 26/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/02/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 03/02/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 13/02/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/03/2026.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro**.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 26/12/2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

**Segundo**.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**Terceiro**.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto**.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto**.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria co prezo como único criterio de valoración, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Sexto.**- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.**- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.
Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación da subministración continuada, segundo necesidades, de licenzas informáticas non inventariables destinadas ao Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/12/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 28/12/2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

- Memoria económica do contrato de data 20/01/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 26/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 03/02/2026 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 03/02/2026, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 13/02/2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 09/03/2026.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **14.964,30 €**, que inclúe un IVE de 2.597,11 €, dende o 1 de xuño de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| **Exercicio** | **Concepto** | **Partida/Proxecto** | **Base** | **IVE** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|---|
| 2026 | ADQUISICIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE: IMPRESOS... | 9207.2200200 | 12.367,19 € | 2.597,11 € | 14.964,30 € |
| **Total** | | | **12.367,19 €** | **2.597,11 €** | **14.964,30 €** |

**TERCEIRO.-** Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **4.988,10 €,** que inclúe un IVE de 865,70 €, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

| **Exercicio** | **Concepto** | **Partida/Proxecto** | **Base** | **IVE** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|---|
| 2027 | ADQUISICIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE: IMPRESOS... | 9207.2200200 | 4.122,40 € | 865,70 € | 4.988,10 € |
| **Total** | | | **4.122,40 €** | **865,70 €** | **4.988,10 €** |

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(198).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS "MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO". EXPTE. 20984/101**.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/03/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de marzo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

> "*Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (20984-101) por un prezo total de 12.644,62 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.300,00 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*"

**Segundo.-** Tras a adopción do citado acordo detéctase un erro nos importes do prezo total do contrato e do importe correspondente ao IVE.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos**

No caso que nos ocupa detectouse un erro nos importes do prezo do contrato e do IVE reflectidos no acordo de adxudicación de data 13 de marzo de 2026 derivado do informe proposta de adxudicación do día 11 do mesmo mes.

Así, se ben na oferta presentada polo licitador que se recolle na acta do día 9 de marzo, asinada pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía e a técnica de administración xeral do servizo de Contratación, o prezo total do contrato (incluído o IVE) é de "*15.300,00 euros*" e, a cota correspondente ao IVE de "*2.655,38 euros*", no acordo da XGL de 13 marzo, de conformidade coa proposta do 11 do mesmo mes, indica que o prezo total do contrato é de " *12.644,62 euros*" e cota correspondente ao IVE é de " *15.300,00 euros*".

Claramente, trátase dun erro material posto que en ningún caso o IVE podería ser superior ao prezo total do contrato.

Concorren, pois, as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

En consecuencia, proceder corrixir os importes do prezo total do contrato e da cota correspondente ao IVE no acordo do 13 de marzo de 2026.

Tras a corrección, a redacción será a que deseguido se indica. Así, onde dicía:

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

*“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (20984-101) por un prezo total de 12.644,62 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.655,38 euros.”*

Ten que dicir:

*“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (20984-101) por un prezo total de 15.300,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.655,38 euros.”*

**-II-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

**PROPOSTA DE ACORDO**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Rectificar os importes do prezo total do contrato e da cota correspondente ao IVE do acordo de adxudicación do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo", de data 13 de marzo de 2026* que quedará redactado como segue:

“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, SA o procedemento negociado sen publicidade do subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo" (20984-101) por un prezo total de 15.300,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.655,38 euros.”

*Segundo.- Notificar este acordo aos interesados.*

*Terceiro.- Publicar este acordo no perfil de contratante.”*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**5(199).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE C.D. BOSCO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026. EXPTE. 25390/333**.

Visto o informe de fiscalización de data 13/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado pola secretaria de Administración Municipal, o concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

a.- Con data 14.01.26 a entidade CD BOSCO presentou a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 260008825) a solicitude de subvención polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos, entre os que se atopa o fomento ó deporte de alto nivel.

d.- Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada a fortalecer o apoio e a axuda ás entidades deportivas da cidade de Vigo polo desenvolvemento dos proxectos de actividade vinculados coa participación en competicións federadas de alto nivel.

**2.- FUNDAMENTOS**

**Primeiro.- Consideracións xerais**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 11 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 127.750,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890005 a favor da entidade CD BOSCO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2025-2026.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de fomento da actividade colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos categorías de alto nivel dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CD BOSCO conta cun equipo de elite na modalidade de Baloncesto na categoría Liga Feminina Chalenge (2ª Categoría nacional). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina Chalenge hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2025-2026, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos compleméntanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CD BOSCO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da proposta responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- •O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.

1. A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.

- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *"Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.."* e que *"...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio entre o Concello de Vigo e a entidade CD BOSCO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A Subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido na liña orientada á promoción do deporte de elite, a consolidar proxectos deportivos que sirvan de referencia para a xuventude deportista, colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para conseguir unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte, ou a consolidar a promoción da imaxe da cidade de Vigo no ámbito deportivo a nivel nacional.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 13 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

**Segundo.- Motivación**
Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890005 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalizase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CD BOSCO durante a tempada deportiva 2025-2026 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

**Terceiro.- Proposta**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CD BOSCO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2025-2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 127.750,00 € a favor da entidade CD BOSCO co CIF: G36692317 e enderezo social en Ronda Don Bosco, 33 en Vigo CP (36202), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 25390-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890005 do vixente orzamento.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CD BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (EXPTE. 26459-333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 15 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Doutra, Carlos Álvarez Pacios, como presidente/a da entidade CD BOSCO co CIF G36692317 e enderezo social en Ronda Don Bosco, 33 (36202), en Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 25390-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é subvencionar ó desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CD BOSCO durante a tempada 2025-2026. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Liga Feminina Chalenge desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un piar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CD BOSCO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2025-2026.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CD BOSCO impulsa e estimula a participación da mocidade no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e vigueses no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890005 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 127.750,00 €, a favor da entidade deportiva CD BOSCO.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CD BOSCO na tempada deportiva 2025-2026.

**VI.-** Que a entidade CD BOSCO non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (Estado e CCAA) e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 25390-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CD BOSCO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes**.**

## PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CD BOSCO comprométese á promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2025-2026.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 17 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CD BOSCO na tramitación das solicitudes relativas á realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CD BOSCO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CD BOSCO unha subvención por importe de 127.750,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890005 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2025-2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2025-2026 coa que será incompatible.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2026 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2025-2026. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención, así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
   - **a)** O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
   - **b)** O acordo unánime dos asinantes.
   - **c)** A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
   - **d)** Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
   - **e)** O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**6(200).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2026. EXPTE. 104621/511.**

Dáse conta da Resolución de data 12/03/2026, asinada polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno local, que di o seguinte:

**DECRETO**

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos,

**1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica** do ano **2026** que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-9992-H, polo importe total de **14.626.121,19€**, correspondentes a un total de 204.054 vehículos e 163.820 recibos emitidos.

**2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica** a 1.774 vehículos para uso exclusivo de persoas con certificado de **discapacidade** igual ou superior ao 33% que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2026” *(a exención para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

**3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 861 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 53 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2026” e a súa cota bonificada correspondente.

**4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 494 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

de inicio.bonif: 2026” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

**5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 833 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da Ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2026” e a súa cota bonificada correspondente.

**6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 6 vehículos **que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP”e “Ano de inicio.bonif: 2026” e a súa cota bonificada correspondente.

**7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto** a 152 vehículos con **antigüidade mínima de 30 anos e con menos de 5000km percorridos**, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Equip.” (Equiparable a Históricos) e “Ano de inicio.bonif: 2026” e a súa cota bonificada correspondente.

**8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

**9.- Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**7(201).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN DOS CENTROS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 4273/341.**

Visto o informe xurídico de data 09/03/2026 e o informe de fiscalización do 10/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/02/2026, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 25 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

•RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
•RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
•Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
•RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
•Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
•Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**ANTECEDENTES**

1. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu, con data 13 de maio de 2024, adxudicar á empresa **VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. NIF A15208408** a través de procedemento aberto simplificado, dos servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción en centros adscritos á Rede de Museos Municipais, **por un prezo total de 22.732,11 euros**, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.945,24 euros; así mesmo, resolveu que a data efectiva de inicio do contrato fose o 14 de maio de 2024. O prazo de execución do contrato fixouse en dous anos, coa posibilidade de 3 prórrogas dun ano de duración cada unha, sendo o inicio da primeira prórroga o 14 de maio de 2026.

*2.* Por escrito de entrada na sede electrónica municipal, nº 260039686, de data 19 de febreiro de 2026, VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU*,* presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano con inicio o 14 de maio de 2026.

3. Consta no expediente resolución da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade , de data 29 de xaneiro, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo contratado.

4. Esta xefatura, como responsable do contrato, informa que a empresa VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU, ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Segundo o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, o apartado 4 das FEC do PCAP establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas dun ano de duración cada unha delas; a resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal estipula no punto segundo que o contrato iniciarase de forma efectiva o día 14 de maio de 2024.

4.- O expediente de prorroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de setembro do 2025 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, de data 29 de xaneiro, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

"PRIMEIRO.- **Aprobar a primeira prórroga** do contrato de servizos de mantementos preventivos e correctivos das instalacións de climatización e calefacción en centros adscritos á Rede de Museos Municipais (expediente 4273/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 14 de maio de 2026 ao 13 de maio de 2027, polo importe total de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 27 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**11.366,05 €** (once mil trescentos sesenta e seis euros con cinco céntimos), ive engadido.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe total de **11.366,05 €** (once mil trescentos sesenta e seis euros con cinco céntimos), ive engadido, **a favor de VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU (CIF: A15208408),** en concepto de primeira prórroga, con cargo á partida 3330.227.99.11 "Mantemento sistemas de climatización", do cal corresponden**:**

- **Ano 2026 (7 meses e medio, 14 maio a 31 decembro 2026)**: 7.577,36 €
- **Ano 2024 (4 meses e medio, xaneiro a 13 de maio 2027)**: 3.788,69 €

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario".

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(202).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE GASTO PARA O ANO 2026 EN RELACIÓN COA ADDENDA DO CONVENIO COA SOCIEDADE "SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U." A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS DOS VEHÍCULOS (ITV) DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe de fiscalización do 09/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/02/2026, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES.**

**I.**- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscrición pola Sociedade "Supervisión y Control, S.A.U"; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do convenio.

**II.-** En base á referida necesidade a sociedade "Supervisión Y Control, S.A.U" e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**III.-** A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 11 de maio de 2.023 o texto da ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO, A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL., prorrogando o prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓNS TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, é dicir, até o día 31 de xullo de 2027.
A devandita addenda de prorroga foi asinada en data 16 de maio de 2023.

**IV.-** As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos, e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o período comprendido entre o 01.01.2026 ata o 31.12.2026, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de TRECE MIL EUROS EUROS (13.000,00 €) IVE, taxas e gastos incluídos.

**FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.
- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.024.
- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.
- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto lexislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte
**ACORDO**

**Primeiro.-** Autorizar o gasto polo importe máximo de TRECE MIL EUROS EUROS (13.000,00 €), IVE, taxas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 “Tramitación documentación de vehículos” correspondente ao orzamento do exercicio 2026 con cargo á bolsa de vinculación, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade “Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**Segundo-** Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(203).- NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO: SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 48208/220.**
Visto o informe de fiscalización de data 16/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2026, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Consta no expediente solicitude da área da xefatura da área de Benestar Social conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable.

**II.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista da solicitude, e informe, así como das necesidades expostas que obran no expediente, procedeu a ordenar a incoación do expediente e a tramitación de nomeamento interino con cargo a vacante.

**III.-** Consta dilixencia de data 5/03/2026, que inclúe candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os por presentar correctamente a documentación e aceptar os nomeamentos.

**IV.-** Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 9/03/2026, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino de 2 postos 138 Auxiliares no servizo de Benestar Social. (art. 10.1.a) do TREBEP).

**V.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.- Normativa de aplicación**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que*"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.*" A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> *"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 31 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***"la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4"*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."*

O concreto apartado 4 citado recolle que *"en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***
*Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica."*
Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procédese á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de dous auxiliares con cargo ás prazas vacantes incluídas na OEP 2023 e 2026.

Segundo os datos obrantes na área de RRHH e Formación, na Oferta de Emprego Público do ano 2023 (BOPPO núm. 79 de 23/04/2024), figuran 5 prazas auxiliar admón. Xeral pola quenda libre (1 Reserv. Discap. Intelectual), das cales 3 non se atopan cubertas interinamente.

Por outra banda, consultados os datos obrantes nas aplicacións de xestión de persoal, salvo erro ou omisión, no servizo de Benestar Social, figuran 4 vacantes no posto de auxiliar, 3 das cales están vinculadas ao proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, cuxas bases xerais foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2022 (BOPPO núm. 249 de 30/12/2022) e as bases específicas por acordo do mesmo órgano de data 19/05/2023 (BOPPO núm. 103 de 31/05/2023).

Non obstante o anterior, con respecto a unha das persoas aspirantes nomeada no devandito proceso selectivo, consta resolución de data 29/07/2025 de autorización de excedencia para prestación de servizos no sector público (expte. 47131-220). Polo tanto, producida a vacante sen dereito a reserva de posto de traballo e, finalizado o prazo de execución dos procesos de estabilización de emprego temporal derivados da Lei 20/2021, salvo mellor criterio, habida conta das necesidades urxentes e perentorias manifestadas polo servizo, procede acordar o nomeamento interino con cargo a vacante a incorporar á OPE 2026.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5.12.2025; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 138 – auxiliar.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 33 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo a dilixencia (trámite 58 do expediente) consta que:

*“ • De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:*

*Auxiliar, vacante Benestar Social: ALVAREZ ESPAÑOL M.J. con DNI ***7261***

*Auxiliar, vacante Benestar Social: GUTIERREZ VELO A. con DNI ***5831***

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia”*

Os/as aspirantes interesadas/os e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**VI. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 9/03/2026:

- O custo para **2 postos** ref. RPT 3010111 AUXILIAR no servizo 301 Benestar Social, de iniciarse a súa relación o 1/04/2026, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2026:

| *S.Base C2* | *CD 16* | *CE 159* | *Pagas extra xuño - dec.* | *S. social empr.* | *Total/ 2postos* |
|---|---|---|---|---|---|
| 13,492.44 € | 7,879.14 € | 14,337.54 € | 5,272.03 € | 13,023.81 € | **54,004.96 €** |

Polo que o custo total para dous postos de Auxiliar (ref. 3010111) sería de **54.004,96 €**.

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004**.**

**VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 28/06/2024, acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025.

**IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionarios/as interinos/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 2 Auxiliares

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Modalidade legal: funcionarias/os interinas/os para a cobertura de prazas vacantes (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo ás ofertas de emprego correspondentes aos ano 2023 e 2026 (128.2 do TRRL), salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: Benestar Social
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: O custo para **2 postos** ref. RPT 3010111 AUXILIAR no servizo 301 Benestar Social, de iniciarse a súa relación o 1/04/2026, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2026:

| *S.Base C2* | *CD 16* | *CE 159* | *Pagas extra xuño - dec.* | *S. social empr.* | *Total/ 2 postos* |
|---|---|---|---|---|---|
| 13,492.44 € | 7,879.14 € | 14,337.54 € | 5,272.03 € | 13,023.81 € | **54,004.96 €** |

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarias/os interinas/os con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, como Auxiliares Admón. Xeral aos candidatas/os:

- *ALVAREZ ESPAÑOL M.J. con DNI ***7261** (vacante OPE 2026)*
- *GUTIERREZ VELO A. con DNI ***5831** (vacante OPE 2023)*

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(204).- RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 7 PRAZAS DE CONDUTOR-BOMBEIRO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 DE 2022. EXPTE. 45411/220.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2026, asinado polo presidente e a secretaria do Órgano de selección do proceso referido, que di o seguinte:

De conformidade co punto II da acta nº 52 da sesión do órgano de selección celebrada o 12 de marzo de 2026, na que se adoptou acordo en relación co recurso de recurso extraordinario de revisión presentado polo aspirante D. J.D. González Posada (***7765**) , elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte informe-proposta:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**
- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** O 6 de marzo de 2026 D. Juan Diego González Posada, con D.N.I. ***7765**, presenta a través do Rexistro Xeral (documento n.º 260055482) RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN contra o acordo do tribunal de oposición de data 10/11/2025 desestimatorio da súa reclamación previa de 03/11/2025 contra a súa exclusión do proceso selectivo para a cobertura de 7 prazas de condutor-bombeiro.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 37 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Segundo.-** Por acordo do tribunal de 31/10/2025, D. Juan Diego González Posada (en adiante, o recorrente) resultara excluido do proceso selectivo ao obter a calificación de NON APTO no quinto exercicio dos da convocatoria (probas psicotécnicas).

**Terceiro.-** Publicada a decisión de 31 de outubro de 2025 o recorrente presentou o 03 de novembro seguinte reclamación ante o propio tribunal de selección, resolta mediante o acordo de 10 de novembro de 2025 (que foille notificado o 12/11/2025, constando acuse de recibo no expediente como trámite 863), contra o que o recorrente non presentou o pertinente recurso de alzada.

O contido do acordo de 10/11/2025 reprodúcese a continuación:

*"RECLAMACIÓN DE D. JUAN DIEGO GONZÁLEZ POSADA (documento 250308665, presentado o 03/11/2025)*

*ALEGACIÓNS*

*1.- A resultas da publicación o 31 de outubro de 2025 do resultado do quinto exercicio (proba psicotécnica) e do exercicio de acceso ao expediente administrativo interesado por D. Juan Diego González Posada, que se verifica o 04 de novembro de 2025 co resultado que se expresa na dilixencia de comparecencia da mesma data, o 05 de novembro seguinte o interesado presenta escrito de reclamación contra a calificación de NON APTO obtida no citado exercicio.*
*2.- Como fundamento da reclamación, manifiesta que si cumpre cos requisitos esixidos na proba para a calificación de APTO relativos á intelixencia, personalidade e comprensión do clima laboral.*
*3.- Aporta en apoio da pretensión i) certificado de servizos prestados no posto de traballo que desenvolve no Concello de Ponteareas desde o 05 de agosto de 2016, ii) cursos de formación vinculada ao desempeño do posto obxecto da convocatoria, iii) informe de capacidade intelectual xeral realizada por psicóloga colexiada.*
*4.- Solicita a admisión dos medios de proba propostos, con revisión favorable da calificación de NON APTO.*
*5.- Subsidiariamente, a repetición da proba nos aspectos non superados, con intervención doutro experto, e a suspensión da calificación de NON APTO ata a resolución motivada da reclamación presentada en garantía do dereito de defensa.*

*CONSIDERACIÓNS DE DEREITO*

*1.- Importa comezar por advertir que, de conformidade coas bases da convocatoria, o ámbito de cognición do órgano de selección para a valoración do resultado da quinta proba aquí cuestionada resulta esencialmente limitado.*
*2.- En efecto, frente ao disposto con carácter xeral nas bases xeráis da convocatoria (principios de especialidade técnica dos membros do órgano de selección relacionada coa praza obxecto da convocatoria, concretada na esixencia de titulación igual ou superior con pertenza a corpo, escala ou categoría correspondente), as bases específicas establecen como regra especial que "As probas psicotécnicas estarán destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes, así como a súa adecuación ás funcións que se van a desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán obrigatoriamente efectuarse e valorarse por especialistas (con titulación*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

*universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica) e cualificaranse como apta ou non apta.”*
*3.- Con todo, este mandato específico non implica inhibición do órgano de selección na confección, realización e calificación da proba.*
*Isto porque segundo a base 8.2 das xeráis os asesores especialistas “colaborarán co órgano de selección... con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de integrantes dos órganos de selección establece a lexislación vixente....”.*
*Así mesmo “O órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de persoas asesoras especializadas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica), fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán á persoa aspirante, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado”. (Anexo III das bases específicas)*
*4.- A proba comprende dúas fases.*
*A primeira, en forma de contestación escrita en formato test.*
*A segunda, unha entrevista persoal sen soporte documental íntegro do seu contido.*
*Aos efectos da realización da proba acordaronse os criterios mínimos, obxecto de publicación no anuncio da convocatoria.*
*Antes de comezar a resposta ao test, os especialistas advertiron a todos os aspirantes de viva voz que nos test de personalidade non hai respostas correctas nin erróneas, e no caso do test de intelixencia so unha das respostas é correcta sen penalización.*
*5.- A proba discutida realizouse conforme ás bases da convocatoria.*
*6.- Segundo o informe emitido polos especialistas sobre a proposta de calificación de NON APTO, D. Juan D. González Posada superou a parte do exercicio relativa á personalidade, pero non o fixo na relativa á intelixencia xeral (puntuación inferior a 95) nin nos rasgos de razoamento verbal, razoamento cognitivo, atención discriminativa, comprensión de ordes e resistencia á fatiga intelectual (puntuación inferior a 44).*
*É dicir; a proposta de calificación de NON APTO aceptada polo órgano de selección radica na primeira parte da proba, a contestación por escrito a catro formularios tipo test normalizados, e resulta conforme aos criterios mínimos previamente establecidos e publicados.*
*O aspirante non superou unha proba de confeccción e valoración obxectiva.*
*7.- Co limitado marxe de apreciación expresado na potestade de fixar os criterios mínimos, o órgano de selección actúa unha facultade regrada, taxada, de carácter técnico cuxo obxecto unicamente admite dúas solucións xustas: ou se ten ou non se ten a aptitude para o desempeño do posto.*
*Esta potestade opera con conceptos xurídicos indeterminados.*
*8.- Os feitos obxecto do dereito á reclamación prevista nas bases da convocatoria deben cinguirse exclusivamente a cantas irregularidades se estimen cometidas na realización e calificación do exercicio, quedando fóra do seu ámbito as pretensións de mera revisión do resultado ou repetición da proba sen unha censura previa debidamente motivada.*
*9.- Falta na reclamación presentada un mínimo de crítica con aptitude para desvirtuar a presunción de validez e eficacia da calificación outorgada con fundamento na obxectividade e imparcialidade que caracteriza a actuación do órgano de selección.*
*Con toda evidencia, non a constitúe o informe positivo de capacidade intelectual incorporado á reclamación, en que simplemente se manifesta a recente realización dunha proba de intelixencia xeral con resultado favorable.*

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

*Tampouco hai censura algunha á realización e calificación da proba no certificado de servizos prestados, nin nos cursos de formación realizados.*
*Non hai, pois, proba proposta para os únicos feitos posibles realmente relevantes para a decisión da reclamación (art. 77.1 da Lei 39/2015).*

*ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN*

*Desestimar a reclamación presentada polo aspirante D. Juan Diego González Posada (DNI ***7765**), por carecer notoriamente de fundamento fáctico e xurídico con aptitude para desvirtuar a presunción de validez e a eficacia da puntuación outorgada."*

*RECURSOS*
*De conformidade coa Base Décimo oitava das Xerais contra a desestimación da reclamaciónpoderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación."*

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**Primeira.-** Da indispensable necesidade do exame previo de viabilidade do recurso.

1. O presente recurso extraordinario de revisión presentase contra o acordo do órgano de selección de 10 de novembro de 2025

2. Sobre o recurso extraordinario de revisión establece unha constante xurisprudencia (por todas, STS 571/2023, Rec. 331/2022)

"*Como se recuerda en la sentencia de esta Sala de 30 de junio de 2021, rec. 323/2019, recogiendo criterios establecidos en sentencias precedentes (SSTS, 26 de abril de 2004, rec. 2259/2000,16 de febrero de 2005, rec. 1093/2002, 31 de octubre de 2006, rec. 3287/2003,14 de noviembre de 2011, rec. 3645/2008, ó 29 de mayo de 2015, rec. 519/2013), el recurso extraordinario de revisión previsto hoy en el art. 125 de la Ley 39/2015, "es un recurso excepcional que, aparte de una interpretación estricta de los motivos invocados -sólo los enumerados en dicho precepto-, impide examinar cuestiones que debieron invocarse en la vía de los recursos ordinarios o en el jurisdiccional contra el acto que puso fin a la vía administrativa, pues lo contrario atentaría contra la seguridad jurídica, dejando en suspenso sine die la firmeza de los actos administrativos, a la vez que permitiría soslayar la vía de los recursos ordinarios, por lo que no cabe la admisión de argumento alguno de los contenidos en la demanda que suponga el examen, más allá de los motivos específicos invocados en el recurso extraordinario, de la concurrencia de otras posibles circunstancias que pudieran afectar a la situación de los recurrentes en este tipo de recursos*".

**Segunda.-** Dos motivos do recurso invocados.

1. No apartado primeiro da fundamentación xurídica do recurso, titulado "*procedencia do recurso extraordinario de revisión*" o recorrente escolle a causa establecida no apartado 1 a) do art. 125 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das AAPP que dispón:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

"*1.Contra los actos firmes en vía administrativa podrá interponerse el recurso extraordinario de revisión ante el órgano administrativo que los dictó, que también será el competente para su resolución, cuando concurra alguna de las circunstancias siguientes:*

a) *Que al dictarlos se hubiera incurrido en error de hecho, que resulte de los propios documentos incorporados al expediente.*

2. A presentación do recurso respecta o prazo previsto no apartado 2 do propio art. 125 da Lei 39/2015.

**Terceira.-** Do alcance xuriprudencial do motivo invocado.

O recurso extraordinario de revisión é un medio impugnatorio singular, de carácter extraordinario, que procede exclusivamente contra actos administrativos firmes, por motivos taxados e que ten que se obxecto dunha interpretación estrita, como ten declarado a xurisprudencia.

Seguindo o criterio establecido na STS 571/2023, de 9 de maio:

"*Asimismo, según un consolidado criterio jurisprudencial que viene desde antiguo (entre otras muchas, SSTS de 6 de abril de 1988, 16 de julio de 1992, 16 de enero de 1995, 30 de noviembre de 2000, rec. 6032/1996,18 de marzo de 2009, rec. 5666/2006, ó 23 de mayo de 2012, rec. 2139/2012), ha de entenderse como error de hecho aquél que verse sobre un hecho, cosa o suceso, es decir, algo que se refiera a una realidad independiente de toda opinión, criterio particular o calificación, quedando excluido de su ámbito todo aquello que se refiera a cuestiones jurídicas, valoración de pruebas, calificaciones jurídicas de hechos o interpretaciones de normas jurídicas.*

*Por tanto, partiendo de esta interpretación restrictiva, para que pueda prosperar el recurso extraordinario de revisión con fundamento en el motivo invocado por el recurrente, será preciso, en primer lugar, que exista un error de hecho que, como dicen las SSTS de 24 de febrero de 2007, rec. 4919/2002 y 10 de marzo de 2010, rec. 2913/2008, no implique una interpretación de las normas legales o reglamentarias aplicables en el supuesto de que se trate, y en segundo lugar, que dicho error resulte de la simple confrontación del acto impugnado con los documentos incorporados al expediente administrativo, sin necesidad de acudir a elementos ajenos al expediente para apreciar el error.*"

**Cuarta.-** Da xustificación da concorrencia do motivo.

1. Aínda que o recorrente non menciona o acordo do órgano de selección de 10 de novembro de 2025, firme na vía administrativa por non atender ao posible recurso de alzada que cabía contra o mesmo, do contido do escrito de recurso dedúcese claramente que este ten por obxecto a calificación inicial de non apto de 31 de outubro de 2025 confirmada no acordo de 10 de novembro de 2025.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 41 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2. O recorrente identifica o suposto erro de feito na circunstancia de haberse sustentado a calificación de non apto na proposta da asistencia técnica do tribunal á que reprocha i) unha motivación técnica xenérica e insuficiente, ii) falta de informe psicolóxico individualizado con metodoloxía, iii) falta de mención dos rasgos incompatibles coa función, e iv) carencia de resultados psicométricos e baremos.

Isto por contraste coa pericia aportada polo propio recorrente que "*no pretende sustituir la prueba oficial, sino evidenciar que la puntuación asignada en la valoración psicométrica del proceso es incompatible con el funcionamiento habitual y con la estabilidad cognitiva reflejada en los informes técnicos internos municipales*".

3.- Resulta patente a total desconexión entre a explicación do motivo e as esixencias xurisprudenciais derivadas do previsto no art. 125.1 a) da Lei 39/2015.

Partindo da premisa correcta, consistente na calificación de non apto adoptada polo tribunal sobre a base da proposta do mesmo signo realizada pola asistencia técnica, e o conseguinte rexeitamento da pericia de contraste aportada polo recorrente, non hai aquí ningunha cuestión puramente fáctica "*independiente de toda opinión, criterio particular o calificación"*, senon unha diferente valoración xurídica dunha e outra pericia determinante da decisión.

4.- Por idéntica razón, non ten cabida a pretensión da cobertura do recurso na condición do recorrente de condutor-bombeiro noutro concello de Galicia.

5.- Tampouco resulta atendible o encadramento no motivo legal do meramente alegado incumprimento das bases respecto da función da entrevista, ao limitarse "*a unha mera comunicación do resultado negativo*". Esta parte da proba carece de sustento documental.

A calificación de non apto comprendeu as dúas partes da proba, polo que o reproche debeuse reconducir, no seu caso, a través do recurso ordinario de alzada.

**Quinta.-** Da auténtica natureza dos motivos do recurso.

Todos os motivos invocados polo recorrente únicamente terían cabida para o seu estudo e resolución a través do recurso ordinario de alzada.

**Sexta.-** Da proposta de inadmisión do recurso.

Conforme ao disposto no art. 126 da Lei 39/2015, corresponde propoñer a inadmisión do recurso cando o mesmo non teña fundamento no art. 125.1. Igualmente, procede a inadmisión cando, aludindo explicitamente a algún dos motivos do art. 125.1, a liña argumental non garda en absoluto relación con ditos supostos, como acontece.

En mérito de canto antecede e con fundamento no anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Inadmitir o recurso extraordinario de revisión presentado por D. Juan Diego González Posada, con D.N.I. ***7765** en data 06/03/2026 (documento n.º 260055482)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

contra o acordo do órgano de selección de data 10/11/2025 desestimatorio da súa reclamación previa de 03/11/2025 contra a súa exclusión do proceso selectivo para a cobertura de 7 prazas de condutor-bombeiro de 31 de outubro de 2025, en base ás consideracións xurídicas expostas.

**Segundo.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo, nos supostos, termos e condicións previstos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(205).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO ORDINARIO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AO SUBGRUPOS A1 (ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL) EXPTE. 1982/1102.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/03/2026, asinado pola secretaria de Goberno local (instructura do expediente) e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 24.10.2025, previo sometemento a mesa de negociación, prestou aprobación dos criterios xerais reitores para a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación (Escala de Administración Xeral).

En data 5.11.2025 por parte de persoal empregado público presentouse escritos nos que solicitan que, con carácter previo á toma de posesión das prazas vacantes incluídas na OEP 2020, 2021, 2022 (2ª fase), se proceda á convocatoria do concurso ordinario de provisión dos postos de Técnico de Administración Xeral, rama xurídica, subgrupo A1, no Concello de Vigo, a fin de garantir o dereito á mobilidade voluntaria do persoal funcionario de carreira.

Por resolución administrativa de data 17/07/2025 a Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal designou a Secretaria de Goberno Local instrutora dos expedientes das bases e convocatorias de provisión dos postos de traballo A1 e A2 da Escala de Administración Xeral a proveer polo sistema de concurso ordinario.

En data 20.11.2025 por resolución da Concelleira-delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación incoouse expediente do concurso ordinario



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

para a provisión de postos de traballo de vacantes correspondentes aos subgrupos A1 e A2 (Escala de Administración Xeral) baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local.

En data 22.11.2025 a instrutora solicitou a Área de RRHH e Formación a emisión de informe sobre os postos vacantes dos postos de traballo dos subgrupos A1 e A2 da Escala de Administración Xeral susceptibles de provisión mediante concurso ordinario segundo o establecido na relación de postos de traballo.

En data 20.01.2026 por parte da Área de RRHH e Formación emitiuse informe dos postos vacantes A1 e A2

En data 27.01.2026 incorporouse ao expediente as bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes correspondentes ao subgrupo A1 (Escala de Administración Xeral).

En data 6.02.2026 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases transcritas no Anexo I da convocatoria pública para a a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes ao subgrupos A1 (Escala de Administración Xeral). No mesmo acto convocou o procedemento para a provisión dos postos de traballo correspondentes ao subgrupo A1 (Escala de Administración Xeral) .

En data 13.02.2026 publicouse no BOPPO núm. 30 as bases íntegras da convocatoria.

En data 9.03.2026, Manuel Vas Costa, en calidade de delegado electo e secretario da Sección Sindical da UXT no Concello de Vigo.

En data 12.03.2026 publicouse anuncio no DOG.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

**a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

**d)** Regulamentos e ordenanzas locais.

**e)** *Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)*

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**PRIMEIRA.- Da lexitimidade**

O artigo 107.1 da LPAC establece que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da devandita Lei, e cumprindo as formalidades establecidas no artigo 110.1 da mesma LPAC.

Á súa vez, o artigo 116.1 da LRJPAC prevé que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contenciosa-administrativo, e no artigo 117 especifícase que o prazo para interpoñer o recurso.

*Respecto a lextimidade o art. 31. 6 do TREBEP dispón que " Las organizaciones sindicales más representativas en el ámbito de la Función Pública están legitimadas para la interposición de recursos en vía administrativa y jurisdiccional contra las resoluciones de los órganos de selección".*

O recurso interpúxose dentro do prazo establecido no artigo 107.1 da LPAC contra resolución que pon fin fin a vía administrativa (artigo 52 da LRBRL en relación co artigo 123



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 45 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro) e cumpre os requisitos sinalados no artigo 107.1

E por isto polo que procede admitir o recurso.

**SEGUNDA.- Do recurso**

O representación de da UXT solicita no seu recurso a eliminación do apartado 3 da base sexta das bases da convocatoria do concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes ao subgrupos A1 (Escala de Administración Xeral), por vulnerar o principio de igualdade, que asegura que todos os participantes teñan as mesmas oportunidades, sen discriminación.

*Cómpre indicar que o criterios* xerais reitores para a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación (Escala de Administración Xeral). *(expte* 1928-1102) *que agora se impugnan foron aprobados pola* Xunta de Goberno Local en sesión de data 24.10.2025, previo sometemento a mesa de negociación en data 29.07.2025. Do certificado da Secretaría que constan en dito expediente resulta as partes integrantes da mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo acadaron consenso por unanimidade na negociación da proposta de criterios xerais reitores do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo A1 e A2 (Escala De Administración Xeral e Especial) E C1, C2 E AP. A

A base sexta da bases que rexen a convocatoria relativa ao baremo para puntuación dos méritos dispón “
*3.- Exercicio de dereitos de conciliación por parte da persoa solicitante (ata un máximo de 1 puntos)*

*- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.*

*- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.*

*- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.*

*- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.*

*A cualificación máxima por este apartado non poderá ser superior a 1 punto.”*

En relación aos concursos de traslados , o Decreto 151/2022, do 4 de agosto distingue entre a valoración de méritos de necesaria baremación (art.13) e valoración de méritos de non necesaria baremación (art.14).

*O exercicio de dereitos de conciliación non figura entre os méritos de necesaria valoración e respecto a valoración de méritos de non necesaria baremación o artigo 14 relacionan unha serie de méritos que “As bases das convocatorias dos concursos poderán recoller, entre outros,(...)”.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

*Pola súa parte o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, de aplicación supletoria as entidades locais dispón no seu art. 44 relativo aos méritos da provIsión de postos mediante concurso dispoñe " " 2. Las bases de cada convocatoria establecerán una puntuación que, como máximo, podrá alcanzar la que se determine en las mismas para la antigüedad para los siguientes supuestos:*

a) El destino previo del cónyuge funcionario, obtenido mediante convocatoria pública, en el municipio donde radique el puesto o puestos de trabajo solicitados, siempre que se acceda desde municipio distinto.

b) El cuidado de hijos, tanto cuando lo sean por naturaleza como por adopción o acogimiento permanente o preadoptivo, hasta que el hijo cumpla doce años, siempre que se acredite por los interesados fehacientemente que el puesto que se solicita permite una mejor atención del menor.

c) El cuidado de un familiar, hasta el segundo grado inclusive de consaguinidad o afinidad siempre que, por razones de edad, accidente, enfermedad o discapacidad no pueda valerse por si mismo y no desempeñe actividad retribuida, siempre que se acceda desde un municipio distinto, y siempre que se acredite fehacientemente por los interesados que el puesto que se solicita permite una mejor atención del familiar. La valoración de este supuesto será incompatible con la otorgada por el cuidado de hijos".

Neste senso, a sentenza do Tribunal Supremo, de 23 Dic. 2008, Rec. 153/2006 dispoñe " *Ese apartado 2, que es el directamente combatido, lo que viene a establecer es un límite para la puntuación que se podrá otorgar, en los concursos para la provisión de puestos de trabajo (ya que ese artículo 44 forma parte del Título III del Reglamento), a cada uno de los supuestos que enumera; es decir, cuantifica la ventaja que es reconocida a efectos de esa provisión como medida de conciliación de la vida familiar, personal y profesional.*

*Y con ese alcance y significación los reproches que le dirige la demanda no pueden ser compartidos por lo siguiente:*

*1.- Esa conciliación de la vida familiar, personal y profesional es una meta inserta en el principio de igualdad del artículo 14 CE y, más concretamente, en el propósito de erradicar las discriminaciones por razón de sexo representadas por los tradicionales obstáculos que ha tenido la mujer para el acceso a la vida profesional y la función pública.*

*Además, es un propósito que, en aras de lograr el mandato constitucional de igualdad, persigue remover con energía y eficacia esos obstáculos en los términos que señala el artículo 9.2 CE.*

*Y es también coherente con la protección social, económica y jurídica a la familia impuesta a los poderes públicos por el artículo 39.1 CE como uno de los principios rectores de la política social y económica*

*2.- Por tanto, la naturaleza de la medida no puede considerarse contraria al ordenamiento jurídico ni que carezca de apoyo en una norma con rango legal, y buena prueba de ello es que la medida aparece en el artículo 14. J) de la reciente Ley 7/2007, de 12 de abril , del*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 47 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Estatuto Básico del Empleado Público que, a estos efectos, no hace sino reiterar lo que son mandatos constitucionales.*

*3.- La medida tampoco es contraria a los principios de mérito y capacidad, porque no opera en el acceso en la función pública sino en la provisión de puestos de trabajo; o dicho de otra forma, solo puede beneficiarse de ella quien ya demostró suficiente mente su mérito y capacidad en el procedimiento selectivo que superó para ingresar en la función pública*

*4.- Por otra parte, lo que hace el precepto aquí cuestionado, como ya se ha dicho, es fijar un limite para la cuantificación que se aplique a esta medida, por lo que será la concreta convocatoria que realice esa cuantificación la que en su caso podrá ser combatida si se considera que incurre en arbitrariedad o en otra clase de infracciones."*

Polo exposto, cabe concluír que os méritos relativos ao exercicio de dereitos de conciliación por parte da persoa solicitante, recollido no do apartado 3 da base sexta das bases da convocatoria do concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes ao subgrupos A1 (Escala de Administración Xeral) se axustan ao ordenamento xurídico, concretamente ao art. 44 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo polo que procede a desestimación do recurso de reposición interposto.

**TERCEIRO.- Órgano competente**

A resolución do recurso de reposición corresponden a Xunta de Goberno Local como órgano que ditou o acordo impugnada conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL en relación ao art. 123.1 da LPAC.

E por isto que se eleva á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición interposto por Manuel Vas Costa, en calidade de delegado electo e secretario da sección sindical da UXT no Concello de Vigo contra o acordo a Xunta de Goberno Local de data 6.02.2026 pola que se aprobaron as bases da convocatoria pública para a a provisión mediante concurso ordinario dos postos de traballo correspondentes ao subgrupos A1 (Escala de Administración Xeral).

**SEGUNDO.**- Notifica ao interesado indicándolle que contra o acordo de desestimación do recursos, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(206).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, Á FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA O FINANCIAMENTO DA**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**ORGANIZACIÓN DO SEU PROGRAMA DAS ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2026. EXPTE. 6495/330.**
Visto o informe xurídico do 18/02/2026 e o informe de fiscalización do 13/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 13 de xaneiro do 2026, a "Fundación Carlos Casares" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2026; por este motivo, por parte da xefatura do Servizo de Xestión e Promoción Cultural iniciouse o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade , polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-
A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

**PROGRAMACIÓN**

***1) VIII XORNADAS "VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL"***
***Data**: A principios de outubro en horarios de mañá e de tarde.*
***Lugar**: Museo MARCO de Vigo.*
***Descrición**: Tras comezar a súa andaina en Vigo no ano 2019, e na procura dos novos límites "transmedia", analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración,tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores,vínculos cos sectores literario, audiovisual... Haberá obradoiros e master class especializadas, así como algunha exposición ou mostraxe para centros escolares de Vigo no espazo anexo do MARCO, que se levan facendo dende o ano 2024. A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os punto de contactos entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas, así como colaboracións con outras entidades ou institucións para enriquecer a experiencia das persoas asistentes.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 49 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*Ámbito de aplicación: As VIII Xornadas Videoxogo e Literatura están especialmente dirixidas a profesionais do sector do videoxogo pero a inscrición está aberta, de xeito presencial e online, aos afeccionados, xogadores e público reocupado polo tema.*

***2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO***
***Datas**: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro*
***Lugar**: Espazos concretos por definir.*
***Inauguración**: Principalmente suxeito ao calendario de cursos escolares.*
***Descrición**: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas inciden, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes (non exclusivamente, e non todos serán obxecto de petición):*

*-**Exposición "Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares"**. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)*
*e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.*

***-Exposición "O Principiño ao redor do mundo"** (mostraxe da colección de máis dun centenar de "Principiños" de Carlos Casares en máis de 60 linguas).*

***- Exposición "Carlos Casares e a fotografía"** (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).*

***- "As caras dos libros"** (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).*

***- Outras mostras menores ("Casares e o cine", "Carlos Casares e as viaxes da fala"...).***

***- Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseos e rutas.***

*- As exposicións contan con Guías didácticas adaptadas e nenos, xovenes e público xeral, algunhas está impresas e outras dispoñen de acceso mediante código QR e poden ser descargadas, impresas ou escoitadas por con lectura automática.*

***Ámbito de aplicación**: Aínda que as exposicións poden ser gozadas polo público xeral, adoitan estar deseñadas coa ollada posa no ámbito educativo que abrangue dende as últimas etapas de Primaria ata a última de Secundaria.*
*Calendario de difusión e actividades: Todas as itinerancias das exposición son difundidas nas páxinas e contas das redes sociais propiedade da Fundación Carlos Casares, que son Facebook; Instagram, Twitter, ademais de na páxina web patrimonial da Fundación e nas páxinas específicas das respectivas actividades.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

A memoria económica, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 6.000 €
– Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente.
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 16 de febreiro do 2026 (doc.260036090)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2026, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Lex 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.
O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares para a organización do programa de actividades 2026, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á "Fundación Carlos Casares" deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo á "Fundación Carlos Casares" ten como obxecto financiar a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2026, figurando na aplicación **3340.480.00.07** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación , por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:
**Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas**.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

- A subvención do Concello de Vigo á “ Fundación Carlos Casares” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras os informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF: G-36907244 para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2026, e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “ Fundación Carlos Casares.Programa de Actividades”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2026.”*

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 53 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "FUNDACIÓN CARLOS CASARES", PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2026

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 19.06.2023 e resolución de modificación de competencias do 25.09.2025

Doutra, D. Gustavo Adolfo Garrido García, na súa condición de vicepresidente da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo acta da reunión do Padroado do 22.10.2025 e Comisión Executiva da entidade do 12.01.2026.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

**MANIFESTAN**

***I.-****Que a* ***FUNDACIÓN CARLOS CASARES*** *é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.*

*A* ***FUNDACIÓN CARLOS CASARES*** *vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.*

***II.-*** *Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

*colaborar económicamente na execución da programación da “**FUNDACIÓN CARLOS CASARES”**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura e lingua galega na cidade.*

***III.-** Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.07, como subvención nominativa, a favor da **"FUNDACIÓN CARLOS CASARES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES"** a cantidade de 6.000 euros.*

***IV.-** Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

***V.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o seu programa de actividades na cidade de Vigo durante o exercicio 2026, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

**SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

**TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

***1) VIII XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL”***

***Data**: A principios de outubro en horarios de mañá e de tarde.*

***Lugar**: Museo MARCO de Vigo.*

***Descrición**: Tras comezar a súa andaina en Vigo no ano 2019, e na procura dos novos límites “transmedia”, analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración,tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores,vínculos cos sectores literario, audiovisual... Haberá obradoiros e*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 55 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*master class especializadas, así como algunha exposición ou mostraxe para centros escolares de Vigo no espazo anexo do MARCO, que se levan facendo dende o ano 2024. A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os punto de contactos entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas, así como colaboracións con outras entidades ou institucións para enriquecer a experiencia das persoas asistentes.*
*Ámbito de aplicación: As VIII Xornadas Videoxogo e Literatura están especialmente dirixidas a profesionais do sector do videoxogo pero a inscrición está aberta, de xeito presencial e online, aos afeccionados, xogadores e público reocupado polo tema.*

***2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO***
***Datas**: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro*
***Lugar**: Espazos concretos por definir.*
***Inauguración**: Principalmente suxeito ao calendario de cursos escolares.*
***Descrición**: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas inciden, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes (non exclusivamente, e non todos serán obxecto de petición):*
*-**Exposición "Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares"**. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)*
*e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.*
***-Exposición "O Principiño ao redor do mundo"** (mostraxe da colección de máis dun centenar de "Principiños" de Carlos Casares en máis de 60 linguas).*
***- Exposición "Carlos Casares e a fotografía"** (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).*
***- "As caras dos libros"** (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).*
***- Outras mostras menores ("Casares e o cine", "Carlos Casares e as viaxes da fala"...).***
***- Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseos e rutas.***
*- As exposicións contan con Guías didácticas adaptadas e nenos, xovenes e público xeral, algunhas está impresas e outras dispoñen de acceso mediante código QR e poden ser descargadas, impresas ou escoitadas por con lectura automática.*
***Ámbito de aplicación**: Aínda que as exposicións poden ser gozadas polo público xeral, adoitan estar deseñadas coa ollada posa no ámbito educativo que abrangue dende as últimas etapas de Primaria ata a última de Secundaria.*
***Calendario de difusión e actividades**: Todas as itinerancias das exposición son difundidas nas páxinas e contas das redes sociais propiedade da Fundación Carlos Casares, que son Facebook; Instagram, Twitter, ademais de na páxina web patrimonial da Fundación e nas páxinas específicas das respectivas actividades.*

**CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, vicepresidente da entidade.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento anual do seguro de responsabilidade civil.

**QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais

Lingua de difusión e publicacións:
De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

**OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**
O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.
A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranga a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2026.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:
Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2026 **e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 61 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.
A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**
O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**
O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2026, e non será prorrogable.

**DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraidas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**
De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.
En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

**DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

ORZAMENTO 2026

A) INGRESOS

- Subvención do Concello de Vigo ........................................... 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación ........................................... 2.200 €
- Deputación de Pontevedra (subvención solicitada) ............ 3.400 €

**TOTAL ....................................................................... 11.600 €**

B) GASTOS

- XERAIS
  - Conferenciantes e coordinadores ......................... 2.600 €
  - Comisariados e labores técnicos relacionados..... 1.500 €
  - Xestión de exposicións e deseño de elementos.... 2.400 €
  - Aluguer de servizos técnicos................................ 4.500 €
  - Gastos de representación e administrativos......... 600 €

**TOTAL ............................................................... 11.600 €**

**13(207).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTES ASOCIADOS AO MESMO PARA A "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DA RÚA CEBOLEIRA". EXPTE. 1510/441.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 65 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 1 de decembro de 2022 o enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO RUA CEBOLEIRA".** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, por medio de Orde de Servizo de data 2 de decembro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2023 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **RENOVACIÓN REDES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO RUA CEBOLEIRA".**

**IV.-** Con data 29 de novembro de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de "**RENOVACIÓN REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA**" , redactado polo Enxeñeiro Industrial, Daniel Prieto Renda, cun orzamento de execución material de CINCOCENTOS VINTE MIL TRESCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (520.369,87 EUROS), e orzamento base de licitación (sen IVE) de SEISCENTOS DEZANOVE MIL DOUSCENTOS CORENTA CON CATORCE CÉNTIMOS (619.240,14 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22/11/2024.

**V.-** Con data 29 de novembro de 2024 a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | SOLTEC INGENIEROS | 10,407.40 € |
| Asistencia técnica á D.O. | SOLTEC INGENIEROS | 10,407.40 € |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Coordinación de seguridade e saúde | OSCAR PEREIRO TAIBO | 2.601,85 € |
| | SUMA | 23,416.65 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 2,575.83 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 25,992.48 € |

**VI.**- A Enxeñeira Industrial, Dª Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 9 de decembro de 2024 emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Con data 4 de decembro de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

**<u>Consideracións Técnicas e Xurídicas</u>**

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de "**RENOVACIÓN REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA**" , redactado polo Enxeñeiro Industrial, Daniel Prieto Renda, cun orzamento de execución material de CINCOCENTOS VINTE MIL TRESCENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (520.369,87 EUROS), e orzamento base de licitación (sen IVE) de SEISCENTOS DEZANOVE MIL DOUSCENTOS CORENTA CON CATORCE CÉNTIMOS (619.240,14 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 22/11/2024.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de "**RENOVACIÓN REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO RÚA CEBOLEIRA E CONTORNA",** por un importe de 25.992,48 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | SOLTEC INGENIEROS | 10,407.40 € |
| Asistencia técnica á D.O. | SOLTEC INGENIEROS | 10,407.40 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | OSCAR PEREIRO TAIBO | 2.601,85 € |
| | SUMA | 23,416.65 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 2,575.83 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 25,992.48 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(208).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA". EXPTE. 2019/441.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/03/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**
**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 69 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**III.-** Con data 26 de xuño de 2024 o Enxeñeiro Municipal, D. Xacobe Paz Salgado e o Xefe de Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA.** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, por medio de Orde de Servizo de data 26 de xuño de 2024, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2024 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA**

**IV.-** Con data 16 de marzo de 2026 Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA** , redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN DOUSCENTOS SESENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS. (1.264.532,59 €), e un orzamento de execución por contrata de UN MILLÓN CINCOCENTOS CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.504.793,79€), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 14/*04/*2025

**V.-** Coa mesma data a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 25,290.65 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 25,290.65 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CIES ATLÁNTICO SLU | 6.322,66 € |
| | SUMA | 56,903.96 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 6,259.44 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 63,163.40 € |

**VI.**- A Enxeñeira Industrial, Dª Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 16 de marzo emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Coa mesma data o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

**Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 71 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Portos, María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN DOUSCENTOS SESENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS. (1.264.532,59 €), e un orzamento de execución por contrata de UN MILLÓN CINCOCENTOS CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.504.793,79€), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 14/*04/*2025.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NO BARRIO DE COIA,** por un importe de 63.163,40 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 25,290.65 € |
| Asistencia técnica á D.O. | GALAICONTROL | 25,290.65 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CIES ATLÁNTICO SLU | 6.322,66 € |
| | SUMA | 56,903.96 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 6,259.44 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 63,163.40 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**15(209).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTES ASOCIADOS AO MESMO PARA A "MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO". EXPTE. 2034/441.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/03/2026, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Antecedentes**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada, abreviadamente "FCC Aqualia Vigo UTE", con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 04.12.2025 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** Con data 5 e 8 de xullo de 2024 o Enxeñeiro Municipal, D. Xacobe Paz Salgado e o Xefe de Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO".** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, por medio de Orde de Servizo de data 9 de xullo de 2024, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 19 de xullo de 2024 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO**

**IV.-** Con data 16 de marzo de 2026 Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto de **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO**" , Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de SETENTA E NOVE MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (79.810,92 EUROS), e un orzamento de execución por contrata de CENTO CATORCE MIL NOVECENTOS DEZANOVE EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (114.919,75€) o proxecto dispón de sinatura dixital de data 18/11/2025.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 73 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**V.-** Coa mesma data a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1,596.22 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1,596.22 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CIES ATLÁNTICO SLU | 399,05 € |
| | SUMA | 3,591.49 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 395.06 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 3,986.55 € |

**VI.**- A Enxeñeira Industrial, Dª Cristina Tapias Bouso e a Técnica Media de Obras Públicas, Dª María Francisca Arlandis Marra, con data 16 de marzo emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.**- Coa mesma data o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe de Área de Servizos Xerais emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

**<u>Consideracións Técnicas e Xurídicas</u>**

**I.** Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO** , Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento de execución material de SETENTA E NOVE MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (79.810,92 EUROS), e un orzamento de execución por contrata de CENTO CATORCE MIL NOVECENTOS DEZANOVE EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (114.919,75€) o proxecto dispón de sinatura dixital de data 18/11/2025.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de **MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA SUBIDA A RADIO FARO",** por un importe de 3.986,55 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO | COLABORADOR | HONORARIOS |
|---|---|---|
| Redacción de proxecto | ESINPRO | 1,596.22 € |
| Asistencia técnica á D.O. | ESINPRO | 1,596.22 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | CIES ATLÁNTICO SLU | 399,05 € |
| | SUMA | 3,591.49 € |

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| | 11% Gastos de Xestión | 395.06 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 3,986.55 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(210).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL". EXPTE. 6944/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/03/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 14.08.2025 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.

II.- A dita arquitecta presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, documento de proxecto de "RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL", cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL SETECENTOS CORENTA E SETE EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.284.747,06 €).

III.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 27.01.2026 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o día 28.01.2026 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

IV.- O proxecto recolle as actuacións necesarias para a renovación e modernización das instalacións e edificacións auxiliares do campo de fútbol Carballal mediante a execución in situ de edificacións modulares tipo do Concello de Vigo. O campo de fútbol municipal Carballal está situado na rúa Carballal 92, parroquia de Cabral, no termo municipal de Vigo. Referencia catastral da parcela 0067301NG3706N0001FS.

O ámbito total do proxecto afecta a unha parcela catastral de 7.311,00 m2. A zona de afección das actuacións ocupa sobre 1.250,00 m2.

As actuacións a levar a cabo son:

Actuacións previas:
- Desmontase de mobiliario urbano existente interior e exterior con retirada do mesmo (bancos, papeleiras, instalacións, etc).
- Demolición completa de 2 edificacións (vestiarios, almacéns, instalacións).
- Demolición do cuarto de pozo de depuración de auga con aproveitamento das instalacións.
- Demolición de soleiras.
- Escavación para cimentación de novas edificacións modulares.
- Demolición de taludes e retirada de peches e vallas.
- Escavación de gabias para instalacións.

Actuacións propostas:
- Nova rede de pluviais, de saneamento, de abastecemento e rede eléctrica xeral na parcela.
- Novo muro de contención de terras de formigón armado.
- Execución de cimentacións para a execución das edificacións modulares.
- Execución in situ de edificacións modulares coas súas instalacións (electricidade, ventilación,
- climatización, ACS, contraincendios, saneamento, fontanería, etc).
- Creación de soleiras e ramplas onde sea necesario.
- Desprazamento do cuarto de depuración de auga de pozo con todas as súas instalacións.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 19.02.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)
É de aplicación o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (Publicado no B.O.P Nº 146, o 4 de Agosto de 2025 e no D.O.G. o 30 de Xuño de 2025. En vigor dende o 27 de Agosto



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

de 2025). P.Ordenación Solo urbano consolidado SUC- Hoja 4K-4L. Dotación urbanística SX-EL-Ob.

Consta no expediente solicitude de autorización a Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) con data 18 de febreiro de 2026.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de "RENOVACIÓN DOS VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL", redactado pola arquitecta Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL SETECENTOS CORENTA E SETE EUROS con SEIS CÉNTIMOS (1.284.747,06 €), asinado dixitalmente o día 18 de febreiro de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(211).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO". EXPTE. 2514/441.**

Visto o informe xurídico do 09/03/2026 e o informe de fiscalización do 12/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** A concelleira delegado da Área de Goberno de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio,.Emprego, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos os días 13 e 14.06.2024, resolveron autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Emilio Estévez Fernández.

**2.-** O arquitecto Emilio Estévez Fernández presenta trala fase de supervisión, proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO", cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 79 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**3.-** Previo informe da enxeñeira industrial e da enxeñeira de camiños, canais e portos do día 01.10.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 8, 10 e 13.10.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 24.10.2025 aprobou o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO", redactado e asinado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €) e con sinatura dixital do día 24.09.2025. (Expte. 6612-443).

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- **A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 24.10.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6612-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández
- **B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 03.12.2025.
- **C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes dos días 03 e 04.12.2025.
- **D)** Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 15.12.2025.
- **E)** Certificado de retención de crédito por importe de 734.203,53 € asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 17.12.2025.
- **F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 23.12.2025.
- **G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 09.02.2026.
- **H)** Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 03.10.2025.
- **I)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 10.02.2026.
- **J)** Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 10.02.2026.
- **K)** Certificado de retención de crédito RCMC 12026000011940 por importe de 734.203,53 €, crédito procedente da incorporación de remanentes.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 01.10.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento 2025 e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), asi como informe xeral asinado o día 19.12.2025 pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria sobre a viabilidade de incorporación destes créditos ao exercicio 2026, e a súa posterior incorporación ao orzamento vixente mediante a emisión do documento contable RCMC 12026000011940.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO C.E.P. CELSO EMILIO FERREIRO", redactado e asinado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 10.02.2026.

**Terceiro.-**Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRES EUROS con CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (734.203,53 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 127.423,75 €.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.632.0042 – proxecto de gasto 25323042 (Cubrición Patio de Colexio Celso Emilio Ferreiro), crédito provinte da incorporación de remanentes.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(212).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR". EXPTE. 2518/441.**
Visto o informe xurídico do 09/03/2026 e o informe de fiscalización do 12/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2026, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** O concelleiro-delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.07.2024 resolveu autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

**2.-** A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de construción de "HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

**3.-** Previo informe dos enxeñeiros de camiños, canais e portos dos días 04 e 05.11.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado os días 24 e 25.11.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.12.2025 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR", redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (340.781,11 €) e con sinatura dixital do día 03.11.2025. (Expte. 6791-443).

**4.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- **A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 05.12.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6791-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Dna. María Ferreiro Núñez.
- **B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.12.2025.
- **C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 09.12.2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**D)** Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 10 e 11.12.2025.

**E)** Certificado de retención de crédito por importe de 340.781,11 € asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 11.12.2025.

**F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 23.12.2025.

**G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 23.12.2025.

**H)** Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 04.11.2025.

**I)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.01.2026.

**J)** Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.01.2026.

**K)** Certificado de retención de crédito RCMC 12026000011889 por importe de 340.781,11 €, crédito procedente da incorporación de remanentes.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 04 e 05.11.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento 2025 e que non



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 83 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), asi como informe xeral asinado o día 19.12.2025 pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria sobre a viabilidade de incorporación destes créditos ao exercicio 2026, e a súa posterior incorporación ao orzamento vixente mediante a emisión do documento contable RCMC 12026000011889.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de"HUMANIZACIÓN DA RÚA SOUTOMAIOR", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.01.2026.

**Terceiro.-**Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS con ONCE CÉNTIMOS (340.781,11 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 59.143,83 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0044 – proxecto de gasto 25153244 (Humanización Rúa Soutomaior), crédito provinte da incorporación de remanentes.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

.- Subvención nominativa mediante convenio coa Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo para a organización da Festa da Reconquista 2026. Expte. 11588/106.

.- Expediente de contratación do servizo do "Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero". Expte. 13660/224.

.- Adxudicación da contratación de patrocinio publicitario da "XXVII Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2026" organizada por Faro de Vigo, SAU. Expte. 21029/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**19(213).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2026. EXPTE. 11588/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 13/03/2026 e o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/03/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.(LSG).
Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións (RLXS).
Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno (LTAIB)



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 85 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).
Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

**INFORME.**

O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu en data 20 de febreiro de 2026 que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, para a organización da Festa da Reconquista 2026, que terá lugar no barrio histórico de Vigo entre os días 21 e 29 de marzo de 2026.

Desde o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca “Festa da Reconquista”, conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo vén organizando a Festa da Reconquista, con grande éxito organizativo e aceptación da cidadanía, contribuíndo á mesma cun plan de difusión e da marca Vigo superior ao 10% do financiamento con diversas accións promocionais de impacto e repercusión en prensa e medios de comunicación nas redes sociais como fóra dela (on line e off line), así como en medios de radio e televisión de difusión nacional.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao programa e presuposto de ingresos e gastos, recollidos no presente expediente.

O Servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos a programación de festas e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración as súas características etnolóxicas e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.
O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estableza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención nominativa prevista no orzamento do concello de Vigo para o exercicio 2026 na partida 3380.4800001 "Convenio Reconquista Aavv Casco Vello.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

O convenio é un dos instrumentos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este subvención nominativa prevé unha dotación de 150.000 euros (cento cincuenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4800001 " CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO" do programa orzamentario para o vixente exercicio, a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social exposto nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Ademais, a subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, con un importe de 150.000,00 €, contribuíndo, conforme ao establecido na liña orientada ao fomento de actividades sociais, de actividades de alta participación de persoas, eventos de interese municipal e actividades de interese público realizadas a través de asociacións, en aras á promoción e difusión das festas da cidade, da cultura popular, e o desenvolvemento lúdico como recurso turístico con actividades de especial importancia e singularidade na salvagarda de elementos culturais e identificativos da promoción da cidade, e repercusión en medios polo seu impacto no municipio.

Pola súa banda, a entidade encárgase da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total 228.500,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello ascenden a 150.000,00 euros, o que supón que a achega municipal constitúa un 65,65 % do total. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 87 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

responsabilidade civil fronte a terceiros, así como a elaboración dun Plan de Autoprotección para o evento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais para asinar o citado convenio, ao amparo dos decretos de delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 28/06/2024, (BOPPO nº 133, de data 09/07/2024) e acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de data 28/06/2024 (BOPPO nº 134, de data 10/07/2024), modificadas por acordos de XGL de data 13/06/2025 Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**

1º.- Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, con CIF B-36.645.885, para a organización da Festa da Reconquista 2026 que terá lugar lugar entre os días 21 e 29 de marzo de 2026 e aprobar o texto do convenio que a regula.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) que se realizará con cargo á aplicación presupostaria 3380.4800001 - CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO do programa de Festas para o vixente exercicio a favor da entidade Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, con CIF B-36.645.885.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2026

Na Casa do Concello de Vigo, a XX de marzo de 2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**REUNIDOS**

Dunha parte, **Ángel Rivas González**, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, na representación legal deste, en virtude dos decretos de delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de data 20/06/2023, e posterior corrección de data 28/06/2024 (BOPPO nº 133, de data 09/07/2024) e acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de data 28/06/2024 (BOPPO nº 134, de data 10/07/2024), modificadas por acordos de XGL de data 13/06/2025, 26/09/2025 en adiante o Concello.

Doutra, **José Fumega L'Hotellerie de Fallois** como presidente e en representación da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF G36645885, e enderezo social na rúa Oliva nº 20 Vigo, representación que se desprende da documentación que figura no expediente núm. 11588/106, en adiante a Asociación.

E, actuando dona a secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.-**

Que é o obxectivo deste Concello é prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

* Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora da súa contorna, coa consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.

* Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal.

* Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración as súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.

* Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas dee actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

* A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico da cidade, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**SEGUNDO.-**

Na celebración do día 28 de marzo, na efemérides da Reconquista -declarada festa local polo Pleno de data 22 de marzo de 1935, réndese homenaxe aos heroes da Reconquista da Vila de Vigo en enfrontamento bélico coas tropas de ocupación francesas do ano 1809, desenvolvendo a tal fin unha serie de actos institucionais tales como o pregón conmemorativo, entrega das medallas de Vigueses Distinguidos da cidade, ofrenda floral do monumento da Praza da Independencia, así como a organización e apoio a diferentes actividades de carácter lúdico e festivo cunha notable participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario sociocultural municipal.

A Festa da Reconquista da Vila de Vigo foi declarada de interese turístico de Galicia polo Consello da Xunta de Galicia en resolución do 26 de marzo de 2012 e Festa de Interese Turístico Nacional por resolución de 11 de xullo de 2019, da Secretaría de Estado de Turismo.

**TERCEIRO.-**

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, CIF G-36.645.885, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co núm. 49, en colaboración co Concello de Vigo, vén organizando desde o ano 1994 a Festa da Reconquista, no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos aportado pola Asociación.

**CUARTO.-**

A marca “R1809 Festa da Reconquista” atópase rexistrada na “Oficina española de Patentes y Marcas” a nome da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo dende o 11/11/2013.

**QUINTO.-**

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola entidade.

**SEXTO.-**

O Concello no seu vixente orzamento, na partida **3380. 4800001 “CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO”** prevé a concesión dunha subvención por importe de **150.000 (cento cincuenta mil euros)**, para a organización da Festa da Reconquista. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de grande arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, P. Local, etc), son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

**SÉTIMO-**

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**OITAVO.-**

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**NOVENO.-**

Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previstos nos artigos 22.2 a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

**DÉCIMO.-**

O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**DÉCIMO PRIMEIRO-**

A Asociación non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 11.588/106.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

Atendendo a precedentes consideracións, as partes asinantes manifestan a súa decidida intención de unir esforzos e recursos a favor da **organización da Festa da Reconquista 2026 a celebrar entre os días 21 e 29 de marzo de 2026**, comprometéndose a tal fin, pola súa coincidencia de obxectivos, a traballar conxuntamente na organización a coordinándose entre si para a posta en práctica das accións que se consideren necesarias, e en consecuencia.

**ACORDAN**

**PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da FESTA DA RECONQUISTA 2026, a celebrar entre os días **21 e 29 de marzo de 2026 na contorna do Barrio Histórico**, e que persegue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socioeconómica do Barrio Histórico da cidade.

**SEGUNDO - PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do convenio polo importe total de **228.500 €,** financiándose estes mediante as achegas de **150.000 € do Concello de Vigo** (65,65%), 25.000 € do convenio coa Xunta de Galicia (10,94%), 4.000 € dunha empresa patrocinadora (1,75%), 6.000 € da Deputación de Pontevedra (2,63%), 42.000 € da xestión do mercado (18,38%) e 1.500 € de doazóns particulares (0,65%).

**TERCEIRO.- PROXECTO DA FESTA DA RECONQUISTA DA VILA DE VIGO**

Establécese o programa de actuacións conforme ao proxecto presentado pola Asociación asinante, núm. doc. 260054843, de data 05/03/2026, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes coa finalidade do evento.

**CUARTO.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A Asociación asinante comprométese a colaborar co Concello en canto a organización da Festa da Reconquista 2026, que terá lugar no Barrio Histórico da cidade entre os días 21 e 29 de marzo de 2026, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º.- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente, José Fumega L'Hotellerie de Fallois, con número de teléfono 607 406 600, que actuará como interlocutor final ante á Concellería.

A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...), especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

5º.- Comezar e rematar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares ao Concello; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo de Comercio e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º.-Coordinar co servizo de Comercio do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a **contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil ,** que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a Asociación entrega ao Concello copia da póliza, que se achega ao expediente.

O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo. Dito Plan realizarase ao ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 93 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

deberá realizarse a inscripción no REGAPE e realizar a coordinación de seguridade nos eventos programados.

11º.- Todo o material inventariable elaborado con cargo ao presuposto do convenio para a representación da **Reconquista 2026** (traxes, Porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado, en perfecto estado de conservación e limpeza, nun lugar a determinar pola Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

12º.-En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicos sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurarase de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da Lei de Galicia 11/2010, de 17 de de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º.- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado. Á finalización do desmonte da Festa, quedará todo ordenado e en perfectas condicións de limpeza outorgando un prazo máximo de 24 horas para o restablecemento dos espazos usados á súa situación inicial.

14ª.- Contratar os traballos de instalación dos servizos de electricidade e abastecemento, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica e permisos de acometidas de abastecemento.

15º.- Estar en comunicación permanente co servizo de Comercio facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, app 010, etc) así como comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para acadar a correspondente conformidade do persoal técnico do Servizo de Comercio ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

16ª.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren, no seu caso, como consecuencia das actividades programadas.

17ª.- Cumprir o establecido no Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, en especial ao referente aos seguros de responsabilidade civil, asistencia sanitaria, dispositivos de vixilancia e aseos.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**QUINTO OBRIGAS DO CONCELLO**

Comprométese a:

1º- Conceder directamente á Asociación, unha subvención por importe de **150.000,00** euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da **Festa da Reconquista 2026**. Para edicións posteriores, as achegas do Concello subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.

3ª. Colaborar na decoración, escenografía e ambientación do Barrio Histórico olívico.

4º.- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

5º.- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento.

6º.- Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráficos e saídas alternativas ao mesmo.

7º. Coordinación coa Policía Local para garantir o cumprimento das medidas adoptadas e a seguridade da cidadanía nas diferentes actividades organizadas.

8ª.- Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.

9ª.-Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de “especial interese ou utilidade municipal”.

10ª.- Os técnicos municipais de Mobilidade e verificarán a colocación dos postos a fin de observar calquera tipo da anomalía antes do comezo do mercado.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**SEXTO.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 95 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.

O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio efectuarase por **transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES96 2080 5045 8930 4001 0210,** da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada. No caso de existir un exceso de financiamento sobre o custe da actividade, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Asociación está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria deberá xustificar **antes do 1 de novembro de 2026** o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

xustificativa a través da sede electrónica do Concello, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org.

## *DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN*

**1. CONTA XUSTIFICATIVA,** que deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación de:

- As actividades desenvolvidas dentro do programa.
- Datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global.
- Memoria de prensa.
- Rexistro fotográfico e audiovisual.
- Informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónica e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 97 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- De existiren, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- **Achegarán os xustificantes de transferencias ou ingresos realizados a través de entidades bancarias correspondentes que acrediten o pagamento de cada unha das facturas presentadas, non admitíndose a xustificación de pagos en efectivo que superen os límites establecidos na lexislación vixente.**

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.

b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A tenor do disposto no artigo 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónica e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

Non obstante **a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado do 40% do importe total** da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria tras a aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei xeral de subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade. A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

## SÉTIMO.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Comercio, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 99 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo co Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Comercio e Festas Especiais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da Asociación, Concello e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Comercio.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A presentación pública institucional de intervenientes nos actos do evento (presentación do programa, actos representativos na rúa de Destitución e Expulsión, etc) deberá estar previamente acordada entre o organizador e o Concello de Vigo .

A Asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a Asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Comercio, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010...).

Lingua de difusión en publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da normalización lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan carácter non periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**OITAVO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo.

O persoal técnico do servizo de Comercio e Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**NOVENO.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO- REINTEGRO**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN, SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O mecanismo de seguimento técnico da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Concello nas propias actividades programadas.

O centro xestor ten encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 101 de 116 |
|---|---|---|
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A tal fin, se fose necesario, constituirase una Centro Técnico de Supervisión integrada por dous membros, un do Concello de Vigo e un a designar pola Asociación asinante, cuxas funcións serán:

- Facilitar o máximo nivel de cooperación nas relacións entre as partes asinantes para a boa marcha das actuacións previstas.

- Supervisar a execución das accións e actuacións previstas no Convenio.

**DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogable.

**DÉCIMO TERCEIRO.-MODIFICACIÓN, DENUNCIA, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas neste.

Así mesmo establecerase a creación dunha Comisión para o seguimento e coordinación da execución do convenio e resolución das dúbidas que poidan producir, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.

b. O acordo unánime dos asinantes

c. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

e. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por una das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para a que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

**DÉCIMO CUARTO.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

**DÉCIMO QUINTO.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**DÉCIMO SEXTO.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedará para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

O Concello resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

**DÉCIMO SÉTIMO.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO OITAVO.- DESTINATARIOS E PARTICIPACIÓN**

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

**DÉCIMO NOVENO.- SEGURIDADE**

A Asociación deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

A tal fin, correrá por conta do beneficiario organizador da Festa, establecer e velar polo cumprimento das medidas excepcionais de protección individual persoais e organizativas preventivas que minimicen o risco de transmisión epidemiolóxica actual, adaptándoas aos escenarios existentes e normativa de aplicación de cada momento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**VIXÉSIMO.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e outra lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdicional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

**ANEXO I**

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

# Previsión Ingresos Reconquista 2026

| | |
|---|---|
| Convenio Concello | 150.000,00 € |
| Convenio Xunta | 25.000,00 € |
| Empresa Patrocinadora | 4.000,00 € |
| Deputación de Pontevedra | 6.000,00 € |
| Xestión do mercado | 42.000,00 € |
| Doazóns particulares | 1.500,00 € |

*31.000 euros de doazón de 100 postos adicados a alimentación cunha media de 310€*

*11.000 euros de doazón de 100 postos adicados a artesanía cunha media de110 €*

*1.500 euros de doazóns particulares*

**Total 228.500,00 €**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte.2055/1102

# Previsión gastos Reconquista 2026

| | | |
|---|---|---|
| Plan autoprotección | Redacción e control | 7.500,00 € |
| Totens | P. seguridade<br>Lonas programa<br>Estructuras lonas<br>Lonas Porta do Sol | 750,00 €<br>750,00 €<br>500,00 €<br>6.000,00 € |
| Animación | Animación infantil, animación de rúa | 19.000,00 € |
| Electricidade | 21,22 e 23 no Berbés<br>27,28 e 29 Porta do Sol<br>Recinto da festa | 30.000,00 € |
| Son | Reconquista<br>Destitución<br>Torreiro Paseo Alfonso<br>Torreiro Central<br>Reconquistiña | 35.000,00 € |
| Actuacións escenarios | Dende o 22 de marzo o 30 de marzo | 14.000,00 € |
| Vestiario | Tintorería, arranxos ... | 5.000,00 € |
| Seguridade | Ambulancias 4.500,00<br>S privada 7.500,00 | 13.000,00 € |
| Valados e outros | 1.500 € tapa contedores<br>1.500 € valados ... | 3.000,00 € |
| Persoal | | 21.000,00 € |
| Atrezzo | | 5.000,00 € |
| Porta da Gamboa | | 6.000,00 € |
| Gastos representación | | 1.800,00 € |
| Dirección teatral | | 3.750,00 € |
| Pirotecnia<br>Efectos especiais | | 500,00 € |
| Equipo de traballo | Persoal, furgón | 8.500,00 € |
| Baños e casetas | 30 baños | 12.000,00 € |
| Demostracións | | 4.000,00 € |
| Publicidade | Carteis, polidíptico, díptico en idiomas | 4.000,00 € |
| Reconquista infantil | 5.000 € monitores,<br>750 € actuación<br>1.250 € varios | 7.000,00 € |
| Deseño Cartel | | 1.000,00 € |
| Palcos e carpas | Berbés 21/ 22/ 23<br>Berbés 27/28/29<br>P. Afonso 27 /28 / 29<br>Porta do Sol | 12.000,00 € |
| Reportaxe gráfica | | 1.300,00 € |
| Varios | Premios concursos 500<br>Imprevistos 1250 | 1.650,00 € |
| Cota AEFRH e rexistro de marca | | 1.500.00 € |
| Cortesía | Agapés: Protección Civil, Vodea, Cruz Vermella ... 3 días<br>Agapés: Organización 3 días | 1.500,00 €<br>1.500,00 € |

**Total 228.500,00**

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**20(214).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO "PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 13660/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 13/03/2026 e o informe de fiscalización do 17/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/03/2026, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

O *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero* ten como obxectivo principal ofrecer ás mulleres beneficiarias do dispositivo, e persoas delas dependentes, axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permita levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia. As usuarias da rede municipal de vivendas de protección reciben apoio social e familiar da figura co perfil profesional de Educación Social que intervirá e acompañará ás usuarias deste dispositivo na consecución dos obxectivos sociais, psicolóxicos e xurídicos da unidade familiar beneficiaria, establecidos no proxecto de intervención de cada usuaria.

**1º.-** Mediante Resolución de data 02.04.2025 a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do servizo do *Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.*

**2º.-** No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado do contrato de servizos do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* asinado o 1 de abril de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, e o 2 de abril de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 9 de febreiro de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 11 de febreiro de 2026 (operación 12026000011275-RC e operación 12026000011276-RCFUT).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 11 de febreiro de 2026 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 11 de febreiro de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 11 de febreiro de 2026 pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado o 24 de febreiro 2026 pola técnica de Administración Xeral e o 25 de febreiro 2026 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 11 de marzo de 2026 pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP, este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 1 prórroga, cunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 83.559,38 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluída a prórroga e a posible modificación do contrato prevista, é de 142.050,95 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 91.915,32 € que inclúe un IVE de 8.355,94 €.

O prezo unitario con IVE será de 44,08 €/hora, que será aplicable só para os efectos de modificación do contrato, ao que se lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2026, 2027 e 2028, desglosadas do seguinte xeito:

- No exercicio 2026: 30.638,44 €

- No exercicio 2027: 45.957,66 €

- No exercicio 2028: 15.319,22 €

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Convenio do Consello de Europa sobre protección e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Estambul o 11 de maio de 2011.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017 e renovado en data 26 de febreiro de 2025.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde do 25 do xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social.
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026, ratificado polo Pleno o 23 de febreiro de 2026.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local do 7.11.2025.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116 e 159 LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

**Quinto.-** Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4 LCSP).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 11 de febreiro de 2026. O informe da fiscalización previa incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.*

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 11 de marzo de 2026.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 11 de febreiro de 2026, e conformado na mesma data pola



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/04/2026 14:08 | Páxina 111 de 116 |
| 2055-1102 Aprobado por XGL 27/03/2026 | CSV: A8B6A8-E2C73H-2F5CA6-2DUXU8-RP1DHX-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total de 91.915,32, que inclúe un IVE (10%) de 8.355,94 € para a contratación da xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero,* que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2027 e 2028, desglosado do seguinte xeito: 30.638,44 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2026, 45.957,66 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 15.319,22 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(215).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO DA "XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026" ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, SAU. Expte. 21029/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da "XXVII Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2026" (PCAP)

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de marzo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “XXVII GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2026”. Expediente 21029-101*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado e asinado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía e polo Xefa do servizo de Deportes – Director Deportivo con data 13 de febreiro de 2026.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, en data 13 de febreiro de 2026.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de negociación de 75.000,00 € co IVE engadido, sendo o importe do IVE de 13.016,53 €. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo co procedemento negociado sen publicidade.*

Sexto*.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.*

**Segundo.-** O 16 de marzo cursouse invitación a FARO DE VIGO, SAU para participar neste procedemento, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** FARO DE VIGO, SAU presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público dentro do prazo concedido para o efecto, o 16 de marzo de 2026.

**Cuarto.-** O día 17 de marzo de 2026, reuníronse a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía coa xefa do Servizo de Contratación, para a apertura do Sobre A “Documentación persoal” e, se procedese, do Sobre B “Proposición económica”.

Cualificada a documentación administrativa, comprobouse que o licitador presentou a a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP. No entanto, non acreditou a solvencia económica e a técnica segundo o esixido na cláusula 8.4 do PCAP.

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

Dado que o licitador presentou unha declaración cunha relación de contratos de similar natureza entre os que figuraban contratos co Concello de Vigo non se considerou necesario que emendase a solvencia técnica, debendo acreditarse esta circunstancia polo servizo xestor do contrato.

En base ao anterior, acordouse:

- "Conceder un prazo de 3 días a FARO DE VIGO, SAU para que poida acreditar correctamente a solvencia económica de conformidade co esixido na cláusula 8.4 do PCAP, isto é, presentando as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil".

Este acordo foi notificado ao licitador quen presentou a documentación o mesmo día. Co obxecto de cualificar esta documentación, reuníronse novamente a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía coa xefa do Servizo de Contratación o 16 de marzo de 2026.

Comprobouse que o licitador achegou a documentación esixida na cláusula 8.4 do PCAP para acreditar a solvencia económica (constas anuais de 2024 por contía superior á esixida -61.983,47 euros- e xustificante de depósito no Rexistro Mercantil). Asemade, consta no expediente informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía do 17 de marzo acreditativo da solvencia técnica (contrato de natureza análoga executado en 2025 por importe superior ao esixido -52.500 euros-).

En base ao anterior, acordouse:

- "Admitir a FARO DE VIGO, SAU no procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da "XXVII Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2026" por ter presentado correctamente a documentación persoal".

A continuación e ao abeiro do previsto na cláusula 14.2 do PCAP procedeuse á apertura do sobre B "Proposición económica" co seguinte resultado:

> *"Propón como prezo sen IVE do contrato o de 61.983,47 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 13.016,53 euros, o que supón un prezo total do contrato de 75.000,00 euros".*

Comprobouse que a oferta se axusta ás esixencias dos pregos.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación neste procedemento *"dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

Se**xto.-** En aplicación do criterio recollido na cláusula 16, a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados ("*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*").

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado

**Sétimo.-** Dado que o licitador xa presentou no Sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP e é correcta, en base ao previsto na cláusula 18 do PCAP, procede formular a proposta de adxudicación, sen necesidade de clasificar a oferta.

**Oitavo.-** Constan no expediente o certificado de Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de FARO DE VIGO, SAU onde se inclúen os certificados positivos coa AEAT, a ATRIGA e coa Seguridade Social. Asemade, foi incorporado certificado positivo da Tesourería municipal de data 18 de marzo de 2026.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, FARO DE VIGO, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefatura do servizo xestor ou o responsable do contrato xunto coa xefatura do Servizo de Contratación, ou o/s funcionario/s en quen deleguen, de conformidade coa cláusula 18.2 do PCAP.

A motivación desta adxudicación recóllese nas actas do 16 de marzo de 2026 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a FARO DE VIGO, SAU o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da "XXVII Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2026" (21.029-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

S.ord. 20/03/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59
Documento asinado

**<u>ACORDO</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(216).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 17/04/2026 14:07:59

Documento asinado